



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA DE 9 DE XUÑO DE 2009, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE MEAVIA-QUINTILLAN, NO CONCELLO DE FORCAREI (PONTEVEDRA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE: 2007/0147).

**ANTECEDENTES**

A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural) promoveu, por solicitude dos veciños das Parroquia de Meavia e Quintillán o proceso de concentración parcelaria nas devanditas parroquias, sobre unha superficie total de 2.389 hectáreas.

A citada concentración parcelaria, que se atopa entre os proxectos contemplados no anexo II do Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, cualificouse como sometida ó trámite de avaliación de impacto ambiental.

No **Anexo I** da presente declaración inclúese un resumo da actuación e do medio, e no **Anexo II** as medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental presentado.

Mediante Resolución de 24 de outubro de 2007, da entón, Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (publicada no DOG nº 218) someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental da referida zona, non constando a presentación de alegacións, durante o período de exposición pública.

Con data de 30 de xaneiro de 2009, recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (hoxe Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) o proxecto remitido pola antedita Dirección Xeral como órgano substantivo, no que se inclúen copias dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, Augas de Galicia e o Concello de Forcarei.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental formula, ós sós efectos ambientais a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) para a referida zona de Concentración Parcelaria.

**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**

Examinada a documentación que constitúe o expediente ambiental, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da zona de Meavía-Quintillán, a desenvolver no concello de Forcarei, (Pontevedra), é ambientalmente viable sempre que:

- Se cumpran as condicións que se establecen na DIA., ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, tendo en conta de que no caso de que exista contradición entre o indicado na dita documentación e o establecido na presente Declaración prevalecerá o disposto nesta última.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
SEDE: SAN LÁZARO, S/N. 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA. Para esta consellería a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 29 XUÑO, 2009

Ademais do obrigado cumprimento das anteriores condicións, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia, ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, ós sós efectos ambientais, condicionados adicionais ós anteriores.

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ó medio. Ademais disto, o



promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou precisen modificacións importantes para a súa actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso o promotor remitirá esta solicitude, achegando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Secretaría Xeral.

## 1.-ÁMBITO DA DECLARACIÓN.

A presente declaración refírese ás obras definidas no documento "Estudio de Impacto ambiental da Concentración parcelaria de Parroquias de Meavía e Quintillán (Sectores 1-12), Forcarei (Pontevedra)", cunha superficie de 2.389 hectáreas, referida no plano nº 1; "Mapa de sectores e situación".

## 2.-CONDICIÓN XERAIS.

### 2.1.-FASE DE FORMULACIÓN.

2.1.1.-Definírase a localización da zona destinada a parque de maquinaria, casetas de obra, amoreamentos de materiais, almacenamento de residuos, etc seleccionaranse para isto, zonas con escaso valor ambiental, afastadas de cursos de auga ou xacementos arqueolóxicos, con escasa ou nula pendente. Na medida do posible non se situaran próximas a núcleos de poboación, co fin de minimizar as posibles molestias por ruidos, por ou outros producidos pola maquinaria.

2.1.2.-No caso de que da compensación de terras efectuada no proxecto, se detectara que existen sobrantes, definiranse as posibles zonas para o seu depósito. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudio ambiental.

En ningún caso se realizarán acopios de sobrantes, materiais de obra ou maquinaria nas seguintes zonas:

- Ámbito do LIC "Brañas de Xestoso".
- Bosques aluviais de *Alnus Glutinosa*.
- Brezais húmidos atlánticos de zonas *mornas* (*E ciliaris* e *E tetralix*).
- Ámbito do Dominio Público Hidráulico, incluíndo zonas de policía e servidume.
- Humidais da "Lagoa Sacra de Olives", "Carpaceiras", "Campos da Lama" e "Marco Afrende".

2.1.3.-No caso de que nos camiños de servizo sexa preciso habilitar barreiras canadenses para limitar os movementos do gando, deberán preverse medidas que permitan o escape dos pequenos animais que caían nos foxos, para isto preveranse vías de escape nos laterais ou preferentemente elevaranse as barreiras sobre a rasante do terreo.

2.1.4.-No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental; lindes arboradas, vaíados de pedras, sebes, etc. Para isto, procurarase na medida do posible adaptar estes elementos lineais definitivos, ós lindes das novas parcelas de tempo, e o

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE MEAVÍA-QUINTILLÁN  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE FORCAREI

Asdo. Alberto Rodríguez Garrido



traslado e remprego dos peches das antigas parcelas que vaian a quedar sen uso, no interior dos novos predios.


2.1.5.-Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria, no que se desenvolvan e presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística ós que fai referencia ó estudo de impacto ambiental. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- En canto ás especies a empregar:
  - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan, (sexan árbores, arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bixeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
  - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, estación ou localización vai a estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, altitude, pendente exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna, flora, ciclos de nutrientes, etc) e factores bióticos.
  - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir a competencia interespecífica e intraespecífica entre as especies que se implanten debe posibilitar ó éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc).
- No caso de ser necesaria a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas, procurarase que sexan replantadas na medida do posible, empregándoas na restauración, de todos modos recoméndase a preservación dos mesmos, actuando unicamente sobre pes mortos ou moi danados.
- Maximizarase a diversidade de especies a empregar na zona de restauración tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal, para as labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

2.1.6.-Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental baseado na proposta incluída no estudo de impacto ambiental, no que se incorporarán aqueles aspectos a controlar que xurdan ó longo da fase de formulación, así como todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O Programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras e accións coas novas problemáticas xurdidas.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DIXENCIA - Para facer constar que a presente fotocopia é fiel e verdadeira.

Santiago,

29 XUN. 2009



- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, deberá designarse un/s responsables do control desta.
- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade Homologada, e os resultados deben vir asinados por un técnico competente.
- Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais e a periodicidade dos controis e os umbráis (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian a empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.

## 2.2.-FASES DE EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN.

2.2.1.-No perímetro das zonas destinadas a parques de maquinaria ou acopios de materiais se realizarán pequenas obras de contención hidráulica (canles, pequenos diques ou outros) que eviten a entrada de augas de escoamento e a conseguinte dispersión de residuos.

2.2.2.-Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante a execución das obras, ademais da rega de superficies prevista no estudo ambiental, os camións que transporten terra ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos. Asemade, se fora preciso procederase ó lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

2.2.3.-Cumprirase co disposto na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello de Forcarei. Neste sentido levarase a cabo o plan de vixilancia do nivel de ruído proposto no estudo ambiental.

2.2.4.-Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura, precisarán da autorización do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia. Neste sentido deberán terse en conta en todo momento, as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento de Ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, o proxecto deberá axustarse as prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC).

2.2.5.-Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións, ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado ou non, pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria. Asemade, respectaranse os manantiais que existan na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso, se resultase necesario para a execución das obras. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

2.2.6.-Non se acumularán entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materias ou substancias, nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estas, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escoamentos, chuvias ou enchentes.

2.2.7.-Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de material ladeira abaixo.



2.2.8.-Co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas, segundo avanza a obra, procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte ou terrapién, nas zonas afectadas por movementos de terras. Asemade, no modelado dos noiros evitaranse as formas demasiado artificiais, procurando que os cambios de pendentes sexan graduais, para favorecer así a integración coa paisaxe.

2.2.9.-A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente anteriormente. Prohíbese o lavado de maquinaria e utilaxe nos cursos de auga. A este respecto estarase ó disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no decreto 130/1997, do 14 de maio polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais e, de acordo co indicado no estudio ambiental levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto 3.1.12 desta DIA.

2.2.10.-No caso de realizarse voaduras, disporanse os medios precisos (redes, lonas etc...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ó contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados das zonas de impacto e depositados en vertedoiros autorizados.

2.2.11.-De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

2.2.12.-Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución, e da traza dos camiños de concentración, evitando afeccións fóra destes límites, que se axustaran ós que fai referencia no punto 3.1.13 desta DIA.

2.2.13.-As labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizarase en talleres autorizados, sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), ditas tarefas realizaranse nas zonas destinadas a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo ós medios preciso para recoller posibles verteduras.

2.2.14.-Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente primando a reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura. Os envases baleiros de produtos fitosanitarios deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a xestor autorizado. Os envases que conteñan produto e que estean fora de uso xestionaranse como residuos perigosos e serán entregados xestor autorizado.

2.2.15.-Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar a rede hidrolóxica, charcas, brañas, ou zonas con vexetación de interese, adoptando todas as medidas precisas para a súa preservación, ademais das propostas no estudio ambiental. Prestarase especial atención ó balizamento de ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria e/ou vehículos de obra. Evitarase a intervención simultánea sobre diversos cursos na mesma bacía procurando graduar os traballos para evitar unha acumulación de sólidos en suspensión no leito principal.

2.2.16.-No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a empregar na construción de novos camiños (para as bases ou subbases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos da construción e demolición.

2.2.17.-Con carácter xeral, e tendo en conta o indicado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa. Neste caso, seleccionaranse zonas que xa vaian a ser afectadas pola obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou



paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes deberán ser restaurados ó remate da obra.

2.2.18.-Previamente ó depósito de sobrantes procedentes dos movementos de terra, se os houberse, nos lugares seleccionados de acordo co indicado no punto 2.1.2 desta DIA, deberase contar cos correspondentes permisos.

2.2.19.-A eliminación de vexetación reducirase ó estrictamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ó balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental, existentes, a fin de que non resulten eliminadas ou afectadas no proceso de concentración. Nas tarefas de eliminación da vexetación evitarase sempre que sexa posible o uso do lume, en todo caso, para realizar calquera tipo de queima ou lume contarase con todos os permisos precisos.

2.2.20.-En relación coa preservación do arboredo, estarase ó indicado no estudo ambiental e ó establecido nesta DIA. Non obstante sinalar que para calquera aproveitamento da vexetación de ribeira estarase ó disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previo á corta de árbores terá que realizase a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme ó disposto no Regulamento de Montes e demais normativa de aplicación.

2.2.21.-Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a súa valorización, non recomendándose a queima "in situ" destes restos. No caso de que a biomasa sexa depositada no terreo procederase a súa trituración, espaxamento e incorporación ó solo (por exemplo, mediante pase de grada ou fresa), de modo que se diminúa o risco de incendios forestais e se evite a aparición de pragas e enfermidades.

2.2.22.-Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados pola obras.

2.2.23.-Desenvolveranse as labores de restauración e integración paisaxística os que fai referencia no punto 2.1.5 desta DIA, paralelamente ó avance da obra sempre que sexa posible e co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixiarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo a reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

2.2.24.-A terra vexetal e os xabres obtidos nas obras de execución dos camiños amorearanse ó longo das trazas, en montóns diferenciados (terra, xabre), que non terán unha altura superior a 1.5 metros, para facilitar a súa aireación. Se o período de almacenamento e superior os 6 meses os amoreamentos de terras, sementaranse e regaranse cando sexa preciso.

2.2.25.-No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas autorizadas destinadas a ese fin.

2.2.26.-Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso de algunha vía deberán implementarse rotas alternativas que presten o mesmo servizo.

2.2.27.-No caso de deterioro de estrada, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente, debido ó proceso de concentración parcelaria, deberá restituirse ó estado previo ó inicio das obras.



3.-CONDICIÓNES ESPECIFICAS.

3.1.-FASE DE FORMULACIÓN.

3.1.1.-En relación coa protección do patrimonio cultural estarase ó seguinte:

3.1.1.1.-Cómpre realizar un estudo específico do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, onde sexan establecidas as posibles afeccións neste Patrimonio. O estudo incluírá unha prospección arqueolóxica, levada a cabo por técnicos competentes, de acordo cun proxecto autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo (de acordo ca Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG nº 199 de 10 de xullo de 1997). O proxecto de prospección arqueolóxica terá que incluír:

A prospección arqueolóxica da zona que abrangue o documento presentado. Polo tanto, débese ter en conta que:

- O proxecto deberá incorporar a prospección arqueolóxica de campo, de toda a superficie do proxecto, para a catalogación e delimitación dos restos atopados.
- Dende o punto de vista do Patrimonio Arquitectónico e Etnográfico, é precisa a identificación e localización dos bens recollidos nos catálogos existentes, así como daqueles outros de carácter etnográfico, que aínda que non estean recollidos en inventarios sexan susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.

Os proxectos da obra incorporarán, de ser necesario, un programa de actuacións arqueolóxicas compatible co plan de obra, de cara a protección e conservación dos xacementos arqueolóxicos, en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Os resultados da prospección, deberán remitirse, para o seu informe, a esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a fin de establecer as medidas que se consideren precisas para a protección do patrimonio.

Previo o inicio das obras de cada proxecto que integra a concentración parcelaria (Proxectos de obras, Concentración e Acondicionamentos de fincas) deberá remitirse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxecto sobre os elementos do Patrimonio Cultural localizados na zona de concentración parcelaria. Esta documentación deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento, na que se fará constar: a delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na fotografía aérea e na cartografía catastral, as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras

3.1.2.-A zona de estudo integra o espazo natural protexido "Brañas de Xestoso" polo que o proxecto de concentración deberá contemplar todas aquelas medidas destinadas a manter o antedito espazo natural protexido de calquera actuación que poida ter unha incidencia negativa sobre o mesmo, adoptando, en todo caso as medidas que fomenten a súa conservación, mellora e mantemento. Estas medidas deberán ser aprobadas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Asemade, excluírase do proceso de concentración a "Lagoa Sacra de Olives" e o proxecto indicará medidas específicas para manter e protexer os humidais "Marco Afrende" e "Campos da Lama" en condicións óptimas.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 9 de Novembro de 2008

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



A maiores das anteriores, realizarase unha xestión forestal conservacionista nas ribeiras do río Umia, nun ancho de 30 m. a cada marxe, nos seus afluentes de 1º orde, nun ancho de 20 m. a cada marxe, e nos de 2º orde, nun ancho de 10 m. a cada marxe.

Nas zonas forestais que teñan unha pendente superior o 30% non se deberá facer cambio de cultivo e o trazado das pistas será mínimo.

3.1.3.-Consideraranse as limitacións e obrigas que se establecen na planificación, execución e posterior xestión e explotación da zona a concentrar, que a normativa vixente ven a establecer sobre o territorio. Estas limitacións e obrigas poden chegar a ser incompatibles con moitas das propostas que se indican no estudo. Dentro destas normas destácanse as seguintes:

- Decreto 105/2006, de 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección de asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións derivadas da lei 15/2004, do 30 de decembro. Débense ter en conta tamén, os instrumentos de planificación que se derivan da aplicación desta norma, así como a vixencia dos existentes, coas oportunas modificacións e adaptacións que a lei lles impón.
- Consideración das distancias de implantación a fincas limitrofes, tanto de árbores como de sebes.
- Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do banco de terras de Galicia, establece a implicación directa sobre a xestión e planificación das concentracións parcelarias que deben terse presentes na elaboración das mesmas.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, a cal declara como prioridade, no seu primeiro artigo, a conservación do patrimonio natural fluvial, incluíndo a biodiversidade da flora e da fauna dos ríos galegos.

3.1.4.-Buscarase a preservación dos corredores ecolóxicos, ecotonos e outros hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural e paisaxístico (vexetación de ribeira, sebes, valados de pedra, bancais, corredoiras, aliñacións de árbores, árbores illadas de interese, etc).

3.1.5.-Para evitar a emisión de po debida ó tránsito de vehículos pesados e a afectación á vexetación circundante deben asfaltarse as pistas con maior tránsito. Asemade, deseñaranse as pistas de forma que os procesos erosivos, sobre elas, sexan os mínimos e disporanse sistemas ou medidas de control da erosión nos puntos de desaugue das taxeas.

3.1.6.-Aproveitarase ó máximo posible a existencia de antigos accesos para o trazado das novas pistas.

3.1.7.-Estudarse o posible cambio de trazado de dous tramos de pistas que pasan por carballeiras, nas seguintes coordenadas:

a)-Primeiro tramo	$\left\{ \begin{array}{l} \text{Dende} \\ \text{Ata} \end{array} \right.$	Dende	X=552.627,18
		Ata	X=552.126,93

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 31 de xuño, 2009

Y=4.723.316,00  
Y=4.722.682,04

Assin.: Alberto Rodríguez Garrido



b)-Segundo tramo	}	Dende	X=550.459,91	Y=4.722.901,83
		Ata	X=550.239,62	Y=4.723.487,88

3.1.8.-Evitarase que os sistemas de drenaxe xeren un cambio substancial no réxime hidrolóxico, non poderán facerse trasfegas substanciais de auga dunha microbacía a outra.

3.1.9.-O Estudio de Impacto Ambiental non fai referencias ás trazas dos novos camiños, faise indispensable unha correcta execución dos viarios ou de calquera actuación relacionada co ámbito do dominio público hidráulico de tal xeito que sexa mínima a súa incidencia na rede hidrolóxica da zona. A este respecto, o Plan Hidrolóxico Galicia Costa establece unha serie de prescricións nos artigos 2.44 e 2.45 que deberán ser tidos en conta na redacción e execución do proxecto de concentración.

3.1.10.-Naqueles tramos nos que sexa precisa a execución de pontes ou outras obras de paso, as seccións precisas calcularanse en base ós caudais de avenida, cun período de retorno de 500 anos e seguindo as indicacións que reflicten os anteditos artigos 2.44 e 2.45 do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa, en particular:

- O respecto, en todo caso, dos límites do dominio público hidráulico segundo a lexislación vixente; como xa se indicou anteriormente, toda actuación, tanto na zona de servidume, do río como na zona de policía, debera contar coa autorización de Augas de Galicia.
- Cumprir todas as especificacións contidas no Plan Hidráulico Galicia Costa que resulten de aplicación no EIA.
- Con carácter xeral, evitaranse os encanamentos cubertos, sobre todo cando se prevexan arrastres de sólidos e flotantes. No caso de que sexa inevitable a cobertura dunha canle, se a cunca drenada é superior os 0.5 km<sup>2</sup> a sección será visitable, cunha altura de polo menos 1.8 metros e un ancho non inferior os 1.5 m.
- Dentro das alternativas estudadas, para a execución da concentración parcelaria, escollerase a que supoña un menor número de cruces sobre o dominio público hidráulico, realizándose preferentemente mediante estruturas que non alteren o leito fluvial, con estribos ou pías situadas a unha distancia mínima do borde da zona de dominio público hidráulico (incluíndo a cimentación das mesmas). Ditos cruzamentos deberán presentar o seu trazado perpendicular ó fluxo da corrente.

3.1.11.-Desenvolveranse as medidas precisas para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, ás cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc, motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste senso, lembraráselles ós propietarios a obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente ó respecto (Leis 9/2002, modificadas pola 15/2004, 43/2003, modificada pola 10/2006, 5/2006, 3/2007, 7/2007 Decreto 105.2006....), e procurarase, telex informados en todo momento da marcha do proceso de concentración, establecendo canles fluidas de comunicación e colaboración entre tódolos axentes implicados no proceso.

3.1.12.-Ademais de cumprir o sinalado no punto 2.1.6 da DIA., o programa de **vixilancia ambiental** deberá incluír ou contemplar os seguintes aspectos:

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 29 Xun. 2009



- Plan de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto para a fase de obras como para a de explotación.
- Os resultados das campañas preoperacionais dos niveis de ruído de fondo e de calidade das augas, ou os que sexa preciso realizar tras a redacción do novo programa de vixilancia, segundo o indicado no punto 2.1.6, incorporaranse ós informes de seguimento ambiental (tanto os da fase de obra como os de explotación) para comparalos cos datos que se obteñan en cada período de seguimento.

3.1.13-Previo ó inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, remitirá a esta Secretaría Xeral, para súa avaliación, o proxecto de concentración parcelaria que incluírá, sen prexuízo do sinalado no artigo 30 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia (plano do novo parcelario, plan de forestal e/ou de aproveitamento de cultivos, etc), o proxecto da rede de camiños de concentración (con análise das alternativas estudadas ó respecto e un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión do proxecto de concentración, tanto nas medidas protectoras correctoras e/ou compensatorias propostas no estudo de impacto ambiental como todas as cuestións derivadas do cumprimento do condicionado desta DIA., incluíndo proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental.

### 3.2.-FASE DE EXECUXIÓN

3.2.1.-Serán obxecto de especial atención, no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados nos puntos anteriores, en especial os sinalados no punto 3.1.2, que deberán ser balizados e sinalizados durante o replanteo da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se realizarán as prospeccións previas que resulten oportunas) procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ó correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza.

3.2.2.-No desenvolvemento do proxecto estudaranse os efectos das infraestruturas hidráulicas, analizando con especial detalle as posibles alteracións sobre o ecosistema fluvial ou os cambios que se puideran producir nas características físico-químicas da auga.

3.2.3.-Debe reducirse en todo o posible a incidencia no espazo fluvial, composto tanto polo leitos como polos noiros que os conforman (coa correspondente vexetación de ribeira), así como a zona asolagable que contribúe o sostemento dos ecosistemas fluviais e a dinámica natural dos ríos.

3.2.4.-Balizaranse as pistas que atravesen zonas arboradas co fin de diminuír as talas masivas.

3.2.4.-Previamente ás labores de corta de arborado verificarase a ausencia de avifauna nidificante, de interese, nos pes implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medida oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Terase a máxima precaución para non alterar as especies de rapaces nidificantes na zoa, cuxa presenza está confirmada, así como calquera outra especie incluída nas listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3.2.5.-Evitarase que as obras coincidan coas épocas de maior afección ó ciclo vital das especies sensibles presentes na zona de concentración. O calendario de obras deberá elaborarse tendo en conta os anteditos períodos.

3.2.6.-A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ó que se fai referencia ao longo de esta DIA e, como órgano substantivo estará ó disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Impacto Ambiental de Proxectos.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia  
é reprodución fiel e exacta de seu orixinal



Durante a fase de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a).-Semestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado dun plano no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade
- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA. Incluíndo os resultados dos plans de seguimento do nivel de ruído, control da calidade das augas, e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico. Detallaranse os resultados da aplicación das medidas, protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuadas, xestións de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e/ou correctoras, en especial as relativas as zonas de especial protección reflectidas no punto 3.1.2. As fotografías deben ir acompañadas dun plano de localización.

b).-Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudio ambiental e o disposto nesta DIA. Descrición detallada do estado final da zona de concentración parcelaria, con especial mención as medidas de protección da vexetación e os labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ó longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecido e as solucións adoptadas.

Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.

- Reportaxe fotográfica que mostre os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctora, en especial as relativas á protección do elementos e áreas sensibles sinalados no estudio ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora e virán acompañadas dun plano de sinalización.

**3.3.-FASE DE EXPLOTACIÓN.**

3.3.1.-Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción criterios de sustentabilidade ambiental no acondicionamento e uso das parcelas asignadas a cada propietario.

Na medida do posible procurárase que a delimitación, se é o caso, das novas parcelas se efectúe mediante plantación de sebes arboradas, integradas por especies autóctonas existentes na zona. De non ser factible, atenderase o sinalado no punto 2.1.4 da DIA respecto dos muros e valados

Santiago, 29 XUN, 2009

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



de pedra, así mesmo procurárase que os novos usos do solo non varíen en demasia con respecto os usos existentes, nas transformacións dos usos dos solos, en especial cando se cambien os usos forestais por agrícolas, estudarase a maneira de afectar o menos posible ós balances hídricos da zona.

Con respecto a usos de solo en paraxes protexidas, estarase ó disposto na normativa vixente en materia medioambiental e urbanística.

Neste senso, considerase de vital importancia, tal e como se indica no estudo de impacto ambiental, o desenvolvemento de políticas de incentivos e sancións e de accións de información e asesoramento ambiental ós propietarios ou usuarios dos predios de substitución, co obxecto de que sexan coñecedores, tanto dos valores ambientais e culturais que albergan as súas parcelas, se é o caso, como da normativa de aplicación en canto ós posibles usos. Asemade, os propietarios deberán coñecer e aplicar as medidas recollidas no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, de cara a un aproveitamento das parcelas máis respectuoso co medio ambiente.

3.3.2.- Nas zonas forestais destinadas a repoboación teranse en conta as seguintes medidas:

- O deseño das repoboacións procurará a discontinuidade de masas monoespecíficas de eucalipto e piñeiro, en concreto non se realizarán plantacións de eucalipto e piñeiro nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ó 40%.
- Respetaranse as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais e tomaranse as medidas para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as ditas faixas especialmente no referente os núcleos rurais principais.

Non se poderán realizar plantacións forestais en solo de uso urbano e núcleos rurais.

- Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluírán, sen prexuízo doutras as seguintes:
  - Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas, ou cando menos a aparición de frondosas acompañantes á especie principal. Fomentarase a conservación de rodais maduros e, sempre que non conleve risco, o mantemento de árbores mortas.
  - As especies arbóreas máis empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá identificada a súa procedencia, empregando material selecto, sempre que sexa posible
  - Recomendase que as superficie forestais incluídas no ámbito da concentración contén cun instrumento de xestión que cumpra a lexislación vixente.
  - Durante as cortas evítanse danos ás frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ó remate da corta procederase á limpeza dos residuos forestais.
  - Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas os núcleos rurais.
  - Procurárase evitar as queimas controladas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
SANTIAGO. Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do original.

Santiago,

29 XUN, 2009

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



- o Minimizaranse os impacto paisaxísticos, racionalizando as superficies de corta e deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.

3.3.3.-Anualmente elaborárase un informe de seguimento ambiental que como mínimo inclúa:

- Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental desenvolvido en cumprimento do disposto nesta DIA. Describíranse os resultados dos labores de restauración e integración paisaxística efectuados, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado da rede de camiños de concentración e dos seus sistemas de drenaxe, así como aquelas zonas onde se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Detállarase a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas ó longo da fase de obra, tanto as que figuran no estudo ambiental como as establecidas nesta DIA.
- Reportaxe fotográfica onde se reflicta a integración paisaxística da actuación, referida a todos os seus elementos, indicando nas fotografías a data e a hora e acompañándoas dun plano de localización.
- No seu caso incidencias e medidas adoptadas para a súa resolución.

A vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2009

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 29 XUN, 2009

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



- Minimizaranse os impacto paisaxísticos, racionalizando as superficies de corta e deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.


3.3.3.-Anualmente elaborárase un informe de seguimento ambiental que como mínimo inclúa:

- Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental desenvolvido en cumprimento do disposto nesta DIA. Describíranse os resultados dos labores de restauración e integración paisaxística efectuados, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado da rede de camiños de concentración e dos seus sistemas de drenaxe, así como aquelas zonas onde se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Detállarase a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas ó longo da fase de obra, tanto as que figuran no estudo ambiental como as establecidas nesta DIA.
- Reportaxe fotográfica onde se reflicta a integración paisaxística da actuación, referida a todos os seus elementos, indicando nas fotografías a data e a hora e acompañándoas dun plano de localización.
- No seu caso incidencias e medidas adoptadas para a súa resolución.

A vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Benito Basanta

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia  
é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 09 XULL. 2009

Asdo. Alberto Rodríguez Garrido



ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS PROPOSTAS NO ESTUDO DE  
IMPACTO AMBIENTAL.

As medidas correctoras e preventivas que se enumeran a continuación ordénanse segundo a fase na que teñan lugar as accións cuxos impactos se pretenden corrixir ou evitar e os diferentes tipos de afeccións que se xeran.

1. Sobre o deseño das fincas de remprazo, masas comúns e terreos forestais.
  - a. Conservación dos hábitats de importancia comunitaria do LIC "Espazo natural Brañas de Xestoso, unidade D", polo seu alto valor e fragilidade ambiental, para isto se prantexan as seguintes posibilidades.
    - i. Exclusión das parcelas colindantes coa "Lagoa Sacra de Olives".
    - ii. Asignación de fincas de remprazo, sen accesos directos e con fontes, surxencias, canles estacionais ou permanentes, a masas comúns.
    - iii. Asignación de fincas con acceso directo e sen cursos de auga ós mesmos propietarios que as aportaron, o que favorece o mantemento dos usos actuais.
  - b. Na zona "B" de canles e hábitats recoméndase que a xunta local limite a repoboación forestal con pinos e eucaliptos, de modo que se favoreza a expansión das especies autóctonas.
  - c. Procurarase manter unha continuidade coas fincas e redes de camiños das zonas xa concentradas nos concellos limítrofes.
  - d. En xeral, e para todas as unidades, procurarase que o deseño das novas fincas sigas as directrices dos actuais muros, peches, sebes e camiños.
2. Sobre o deseño da rede de camiños.
  - a. A rede de camiños deberá encaixar no vieiro de primeiro orde existente na actualidade.
  - b. A densidade de camiños será inferior os 70 m/Ha, a anchura máxima de vías será de 5 metros para os principais e 3-4 metros para os secundarios.
  - c. Evitarase tamén a construción de vías no sentido de máxima pendente, en ladeiras pronunciadas para previr erosións e impactos culturais.
  - d. Evitarase o deseño de vías de trazados rectos que formen mosaicos regulares.
  - e. Aproveitarase na medida do posible as actuais liñas das fincas para o trazado das novas vías.
  - f. Evitarase o paso de vías polas zonas onde existan bens patrimoniais.
  - g. Evitarase no posible a interferencia coa rede hidrográfica actual, no caso de camiños actuais que serven como desaugadoiros, habilitaranse canles con caudal suficiente para a evacuación de escoamentos, así como os pasos precisos.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia  
é unha copia fiel do seu orixinal

29 XUL 2009



- h. O deseño dos camiños contemplará especificamente a solución de integración do Camiño Real ou Medieval Compostela por Acibeiro e o Camiño Vereiro, incluíndo medidas adicionais de mellora e conservación. A proposta de integración será sometida a consulta ós técnicos do organismo competente en patrimonio e o Concello.
3. Sobre a execución das obras en xeral.
- a. Nomearase un responsable do cumprimento das medidas de control e vixilancia.
  - b. Os contratistas comprometeranse no posible a integrar nas obras as boas practicas ambientais, no sector da construción.
  - c. Antes de iniciarse os traballos, sinalizaranse as zonas de manobra de maquinaria, onde non se permitirá o paso de persoal alleo á obra. Este paso habilitarase nas Unidades "A" e "B", evitando o interior dos núcleos.
  - d. Destinaranse as zonas destinadas a instalacións auxiliares, acopios, almacenamento, carga e descarga de materiais, etc, procurando que estean fora das zonas de tránsito.
  - e. Os operadores da maquinaria e choferes deberán posuír o documento acreditativo de capacitación para o uso da maquinaria que lle sexa encomendada.
  - f. Os equipos e motores que interveñan nas obras de urbanización estarán revisados e en perfecto estado.
  - g. O contratista esixiráselle un contrato cun xestor autorizado para a retirada de aceites, graxas, filtro, baterías e outros elementos usados contaminantes. Ademais os cambios de aceite e outras operacións de mantemento da maquinaria realizaranse nun lugar destinado ó efecto e tomando todas as precaucións para evitar derrames.
  - h. Todos as verteduras ocasionadas como consecuencia da urbanización e funcionamento deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a reciclaxe fronte a verteduras.
  - i. Caso de realizar labores de mantemento, reparación ou lavado da maquinaria, habilitarase un sistema de recollida e impermeabilización do chan.
  - j. Ó finalizar as obras, todas as instalacións auxiliares, zonas de almacenamento de materiais e residuos, etc deberán ser desmantelados e debidamente xestionados antes do inicio da fase de funcionamento.
  - k. No caso de producirse algún imprevisto que ocasione algunha afección ó medio natural, tomaranse inmediatamente as medidas adecuadas para paliar esa afección.
  - l. As tomas de mostras e medicións realizaranse sempre que exista unha afección sobre os aspectos que se deben controlar.
  - m. As tomas de mostras, analíticas e medicións deberán vir acompañadas por un informe firmado por técnico competente.

4. Sobre as emisión de po á atmosfera.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DIXIPLINARIA. Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu original

Santiago,

29 XUN. 2009

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE MEAVÍA-QUINTILLÁN  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE FORCAREI

PAXINA 16 DE 19

Alberto Rodríguez Garrido



- a. Para minimizar as emisións de material en suspensión á atmosfera, na fase de urbanización, en épocas secas, se realizarán regas periódicas, en zonas sen protección vexetal, en especial pistas e lugares por onde circule a maquinaria.
  - b. As operacións de carga e descarga de materiais de escavación e movemento de terras se limitaran a períodos nos que a velocidade do vento non supere os 10 km/h.
  - c. A terra vexetal será conservada para a reposición do chan, e so o resto dos materiais de préstamo extraídos poderán ser depositados en vertedoiro.
  - d. Revexetaranse os noiros e zonas axardinadas de modo simultáneo á realización das obras.
  - e. As pistas serán realizadas e estabilizadas con materiais adecuados.
5. Sobre a protección do solo.
- a. Os noiros serán deseñados en base a estudos xeotécnicos para asegurar a súa estabilidade.
  - b. Os solos vexetais retirados serán empregados para a revexetación.
  - c. As operacións de retirada de terra vexetal evitaran o seu deterioro.
  - d. Tomaranse as seguintes medidas para evitar a compactación e degradación dos solos extraídos:
    - i. Manipular a terra cando estea seca ou o seu contido en humidade sexa menor do 75%.
    - ii. Evitarase o paso reiterado de maquinaria sobre ela.
    - iii. Depositaranse os materiais en capas delgadas.
  - e. Durante o seu acopio, os cabalóns ou cordóns serán protexidos da erosión por cordóns paralelos, de prestamos, ou drenes perimetrais e a súa altura non superará os 2 m, para evitar a compactación do solo e o seu deterioro. Os acopios que teñan que ser almacenados un ano ou máis, sementaranse cunha mestura de sementes.
  - f. Para proceder á recuperación do terreo, as capas do solo estenderanse sobre o terreo seco, por orde de calidades, hasta obter un perfil similar ó orixinal.
  - g. Para que exista un bon contacto entre as sucesivas capas de material superficial compre escarificar a superficie da capa (5-15 cm) de profundidade, antes de cubrila, con elo prevense a laminación en capas.
  - h. Na medida do posible a revexetación será simultánea ás obras de revexetación e acondicionamento do terreo.
  - i. O material de canteira e recheo preciso deberá proceder de canteiras autorizadas.
6. Sobre a protección das augas superficiais e subterráneas.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 29 de xuño de 2006

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



- a. Todas as medidas anteriores para evitar a erosión son aplicables á contaminación das augas superficiais por partículas.
- b. Os drens constrúense a medida que se realiza as rozas e se van iniciando os movementos de terra.
- c. Os drens de obra deben conducirse seguindo a menor pendente cara as canles naturais.
- d. O construtor deberá formular plans e medidas de emerxencia para situacións de emerxencia ou accidentes que produzan algunha vertedura.
- e. Cando as cunetas e demais obras de drenaxe dunha construción conflúan directamente a unha canle, deberán estar dotadas de sistema de retención de sedimentos.
- f. Na vertedura ás canles das augas de drenaxe deberáse ter en conta a velocidade dos fluxos para os caudais máximos de avenida, de xeito que non se produzan alteracións do curso da propia canle.
- g. Realizarase un control do correcto funcionamento dos dispositivos de drenaxe e das condicións de incorporación das augas á rede hidrolóxica, adoptando todas as medidas protectoras e correctoras precisa para a súa preservación.
- h. De producirse intervencións no fluxo de augas subterráneas e non é posible a súa reutilización ou reincorporación á capa freática, por un ou outro medio, estes fluxos serán conducidos mediante cuneta e canalizacións fora da zona de captación e xuntados cos fluxos superficiais.

7. Sobre a vexetación e a fauna.

- a. Informarase ós propietarios mediante publicidade, en centros veciñais e parroquiais dos procedementos e afeccións das talas planeadas, así como do procedemento de solicitude de tala que se debe seguir cando se queren cortar pes de especies autóctonas.
- b. As talas deberán executarse con exquisito coidado coa vexetación circundante, a tala será manual, con motoserpa e non con bulldozer. Esta operación realizarase baixo a supervisión dun especialista, preferentemente un Enxeñeiro Técnico Forestal, que definirá a área correcta a intervenir.
- c. Os restos vexetais que se produzan deberán ser xestionados adecuadamente, prevalecendo sempre a súa valorización. No caso de seren reincorporadas ó terreo deberán ser triturados e espaxados de modo homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ó chan.
- d. Na unidade "D" evitarase a coincidencia das obras coa temporada de reprodución e cría da fauna máis sensible.
- e. Recomendase evitar os fluxos lumínicos ineficientes, tanto de lumbrantes dirixidos ó ceo ou a zonas exteriores das obras.

8. Sobre o patrimonio cultural.

- a. Sen prexuízo do disposto na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG. De 08/11/1995) de do Decreto de 10 de xullo, polo que se regula

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 29 XUN, 2009




# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG. De 06/08/1997), se no transcurso das labores de desmontes e remoción de terreos se producira algún achádego, que supoña un indicio de carácter arqueolóxico, se informará inmediatamente á Delegación de Cultura de Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo da xunta de Galicia, que será quen dite as medidas a adoptar.

- b. Tanto o proxecto da rede de camiños como o avance das rozas, escavación e movemento de terras deberán contar coa supervisión dun técnico de patrimonio.

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia  
é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 29 XUN, 2009

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE MEAVÍA-QUINTILLÁN  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE FORCAREI

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido